



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

## Programación da disciplina

**Nome do centro:** EASD Mestre Mateo

**Titulación:** EE.AA.SS. DESEÑO DE PRODUTO

**Materia:** Proxectos de envases e embalaxes

**Disciplina:** Envases e embalaxes

**Curso:** 3º

**Carácter:** O.E.

**Tipo:** T.P.

**Docente:** IRENE GAGO

**Ano académico:** 2020-2021





## Índice

<b>1</b>	<b>Identificación e contextualización.....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>Organización dos contidos.....</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>Avaliación.....</b>	<b>7</b>
3.1	Criterios de avaliación.....	7
3.2	Procedemento.....	10
3.2.1	Procedemento de Avaliación Ordinaria.....	11
	Periodo da Avaliación Contínua:.....	12
	Proba Final Ordinaria:.....	13
3.2.2	Nota importante.....	14
3.3	Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	15
3.4	Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	17
3.5	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	18
<b>4</b>	<b>Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....</b>	<b>18</b>
4.1	Metodoloxía de docencia presencial.....	18
4.2	Metodoloxía non presencial.....	19
4.3	Recursos.....	20
4.4	Actividades complementarias.....	21





## 1 Identificación e contextualización

Idiomas	Español, Galego
Departamento	EE.AA.SS. Deseño de Produto
Profesor/a	Irene Gago
Correo electrónico	irenegago@edu.xunta.es
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 16 (1 crédito = 25 horas, en desenvolvemento do decreto 1614/209, do 26 de outubro) Horas totais: 200 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso (tendo en conta festivos): 72 Horas de traballo non presencial: 128 Horas titorías: 8
Horario	Horario de clase semanal: Venres de 10:00 a 11:00 e de 12:00 a 13:00 Horario de titorías: mércores de 08:00 a 12:00
Descritores	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de proxectos de deseño de envases e embalaxes. Definición de envase. Función, tipoloxías, mercadotecnia e identidade de marca.</li> <li>▪ Ergonomía. Materiais. Evolución histórica dos envases. O envase como obxecto semiótico. Interacción envase-produto. Métodos de impresión e etiquetado.</li> <li>▪ Dispositivos de peche. Código de barras. Enchido, envasado, almacenaxe e transporte.</li> <li>▪ Principios do deseño de envases. Estudo de casos. Deseñadores e tendencias.</li> </ul>

## 2 Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	INTRODUCCIÓN - Introducción ós contidos - Normas - Prazos e recursos dispoñibles	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Presentación do profesorado</li> <li>▪ Lectura da programación da disciplina</li> <li>▪ Establecemento de prazos de entrega</li> <li>▪ Avaliación inicial da situación de partida do alumnado motivada polo Covid-19</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1 sesión_2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º semana do curso</li> </ul>
<b>Parte teórica da disciplina (unidades 2, 3, 4, 5, 6)</b>				
2	INTRODUCCIÓN OS CONTIDOS CLAVES TEÓRICOS - Definición de envase e embalaxe - Características, funcións e tipoloxías, evolución e tendencias, mercadotecnia	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Teoría</li> <li>▪ Lecturas varias de documentación aportada-traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1 sesión_2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2º semana do curso</li> </ul>



3	<p><b>MATERIAIS E TÉCNICAS DE DESEÑO DE ENVASES E EMBALAXES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas e materias de deseño.</li> <li>- Técnicas e procesos de construción e produción</li> <li>- Técnicas de envasado. Operacións de encher e pechar, interacción envase-produto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Teoría</li> <li>▪ Lecturas varias de documentación aportada-traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3 sesión_ 6 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3º semana do curso</li> <li>▪ 4º semana do curso</li> <li>▪ 5º semana do curso</li> </ul>
4	<p><b>LOXÍSTICA E CONTROL</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Regulamento de embalaxes</li> <li>- Normas legislativas dos envases</li> <li>- Ensaíos. Garantía de calidade</li> <li>- T. produtos e materiais nocivos, perigosos, inflamables ou con índice doutros riscos</li> <li>- Esixencias alimentarias. Etiquetados</li> <li>- Sistemas e condicións de almacenado, distribución e transporte. Clasificación de produtos.</li> <li>- Embalaxes de transporte, Paletización, manipulación e almacenado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Teoría</li> <li>▪ Lecturas varias de documentación aportada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2 sesión_ 2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 6º semana do curso</li> <li>▪ 7º semana do curso</li> </ul>
5	<p><b>CONSIDERACIÓN MEDIOAMBIENTAL</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestión medioambiental</li> <li>- Re utilización dos envases. Reciclado</li> <li>- LEI DE ENVASES</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Teoría</li> <li>▪ Lecturas varias de documentación aportada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2 sesión_ 2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8º semana do curso</li> </ul>
6	<p><b>DESEÑO FÍSICO E COGNITIVO DO ENVASE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Relación envase – produto / contido</li> <li>- Relación usuario – produto / contido</li> <li>- Factor diferencial e factor estético</li> <li>- Factor informativo. Etiquetado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Lecturas varias de documentación aportada – traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1 sesión_ 2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 9º semana do curso</li> </ul>
<p><b>Parte práctica da disciplina (unidades 7, 8, 9, 10)</b></p>				



7	<p>DESEÑO GRÁFICO E ESTRUCTURAL: CAIXAS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas e materiais de deseño</li> <li>- Técnicas e procesos de construción e produción</li> <li>- Comportamento das formas e procesos así coma das estruturas naturais e súa aplicación no deseño de produto de envases.</li> <li>- PRÁCTICAS GUIADAS NO PROGRAMA ARTIOS/ STUDIO</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Prácticas guiadas para aplicación dos coñecementos teóricos e o estudo dos condicionantes do material (papel e cartón ondulado) NO PROGRAMA TÉCNICO de desenrolo de envases coma nivel empresas do sector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3 sesións_ 6 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>10ª semana do curso</li> <li>11ª semana do curso</li> <li>12ª semana do curso</li> </ul>
8	<p>DÉSEÑO APLICADO CON E SEN MEDIOS INFORMÁTICOS (DESEÑO DE PACK)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- APROXIMACIÓN O DESEÑO DE ENVASES (P.1)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño de envase adaptado o produto e o usuario.</li> <li>(práctica 1 : envase e embalaxe , proxecto 1) Traballo inicial de complexidade baixa, a desenvolver segundo as pautas propostas na clase e o proxecto desenrolado. Deberá resolverse o proxecto completo, prototipo e imaxe gráfica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>6 sesións_ 12 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>13ª semana do curso</li> <li>14ª semana do curso</li> <li>15ª semana do curso</li> <li>16ª semana do curso</li> <li>17ª semana do curso</li> <li>18ª semana do curso</li> </ul>
9	<p>DESEÑO APLICADO CON MEDIOS INFORMÁTICOS (DESEÑO DE PACK)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño de envase adaptado o produto e o usuario.</li> <li>(práctica 2 : practica de proxecto 2) Traballo a desenvolver segundo as pautas propostas na clase e o proxecto desenrolado. Deberá resolverse o proxecto completo, prototipo e imaxe gráfica con uso do programa estudado entre outros</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>6 sesións_ 12 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>19ª semana do curso</li> <li>20ª semana do curso</li> <li>21ª semana do curso</li> <li>22ª semana do curso</li> <li>23ª semana do curso</li> <li>24ª semana do curso</li> </ul>
10	<p>DESEÑO APLICADO CON MEDIOS INFORMÁTICOS (DESEÑO DE PACK)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño de envase adaptado o produto o usuario e as necesidades expositivas</li> <li>(práctica 3 : practica de proxecto 3) Traballo a desenvolver segundo as pautas propostas na clase e o proxecto desenrolado. Deberá resolverse o proxecto completo, prototipo e imaxe gráfica con uso do programa estudado entre outros</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>7 sesións_ 14 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>25ª semana do curso</li> <li>26ª semana do curso</li> <li>27ª semana do curso</li> <li>28ª semana do curso</li> <li>29ª semana do curso</li> <li>30ª semana do curso</li> <li>31ª semana do curso</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas teórica/s a realizar a vez que se entregan as prácticas. (1 proba tipo test da aula virtual por práctica)</li> </ul>		
-	EXAME FINAL ORDINARIO	<ul style="list-style-type: none"> <li>18/05/2020 – 28/05/2020. A Dirección publicará na páxina web da escola as datas e horarios concretos.</li> </ul>	-	EXAME FINAL ORDINARIO
-	EXAME FINAL EXTRAORDINARIO	<ul style="list-style-type: none"> <li>15/06/2020 – 26/06/2020. A Dirección publicará na páxina web da escola as datas e horarios concretos.</li> </ul>	-	EXAME FINAL EXTRAORDINARIO

### Organización dos traballos de curso:

Organización dos traballos do curso	
<p>- PRACTICAS NA CLASE PARA A POSTA EN VALOR DO PROGRAMA INFORMATIVO ARTIOS E STUDIO</p> <p>Base de traballo para favorecer a comprensión dos diferentes recursos do programa Artios e apuntes impartidos</p>	<p>- Como base teórica se realizarán prácticas na clase para a comprensión das diferentes facetas e aplicacións do deseño de envases mediante artios. Realizaranse de forma previa ou acompañada á realización das prácticas/proxectos do curso. Valorarase como traballo de clase.</p>



- PROXECTO DE ENVASES 1/ práctica 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto a realizar polo alumno que cumpra co briefing dado. <ul style="list-style-type: none"> <li>o Entrega e defensa: proxecto 1 íntegro, segundo o briefing presentado</li> <li>o Entrega do prototipo (real e dixital)</li> </ul> </li> </ul>
- PROXECTO 2 / práctica 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto a realizar polo alumno que cumpra co briefing dado. <ul style="list-style-type: none"> <li>o Entrega e defensa: proxecto 1 íntegro, segundo o briefing presentado</li> <li>o Entrega do prototipo (real e dixital)</li> </ul> </li> </ul>
- PROXECTO 3 / práctica 3	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto a realizar polo alumno que cumpra co briefing dado. <ul style="list-style-type: none"> <li>o Entrega e defensa: proxecto 1 íntegro, segundo o briefing plantexado</li> <li>o Entrega do prototipo (real e dixital)</li> </ul> </li> </ul>

### Organización das entregas do curso:

Entregas		Calendario estimado de entregas e presentacións
1º	Práctica 1 + test 1 teórico	- 18 de decembro do 2020
2º	Práctica 2 + test 2 teórico	- 12 de marzo do 2021
3º	Práctica 3 + test 3 teórico	- 7 de maio do 2021

A organización do traballo do curso e do tempo de adicación os recursos dispoñibles por parte do alumnado é clave para a consecución dos obxetivos da disciplina e cumprimento das diferentes prácticas/proxectos do curso en tempo e forma.

Así todo o proxecto/prácticas consta de diversos apartados/etapas, entre eles: memorias, planos, plegos de condicións, medicións e presuposto, anexos e prototipos; documentos que poden, todos eles, realizarse mediante diferentes programas técnicos:

- memorias: procesador de texto (openoffice, word... a elección do alumnado), para maquetacións programas de maquetación (procesador de texto, openoffice, word, scribus, lucidpress, canva, indesign... a elección do alumnado)
- planos: programas de debuxo, (programas cad, solid, artios\*... )  
(\*este último programa usárase nas dúas últimas prácticas para obter as pezas das bases de datos e exportar as mesmas, tanto en 2d como en 3d a recursos intercambiábeis en calquer programa de debuxo/deseño ou acabado gráfico, puidendo rematar o traballo mediante programas CAD, Autocad, Solid, Studio e programas de maquetación; é dicir, o programa Artios é un paso intermedio do proceso que garante a adquisición da competencia T12 da presente disciplina e non supón a integridade da realización da práctica do curso.
- Plegos de condicións: procesador de texto (openoffice, word... a elección do alumnado), para maquetacións programas de maquetación (procesador de texto, openoffice, word, scribus, lucidpress, canva, indesign... a elección do alumnado)
- Presupostos: procesador de texto ou folla de cálculo (openoffice, word, excel... a elección do alumnado), para maquetacións programas de maquetación (procesador de texto, openoffice, word, scribus, lucidpress, canva, indesign... a elección do alumnado)
- Anexos: procesador de textos, programas para simulacións, programas tipo cad...



- Prototipo:
  - *prototipo físico real*, os diferentes alumnos amosarán o prototipo real o día da entrega da práctica, ademais incluírán na entrega fotografías da realización do prototipo das fases previas de montaxe e resultado final do mesmo
  - *prototipo dixital*, os prototipos dixitais realizaranse preferentemente en Studio (adobe) ou calquer procesador de renderizado, o prototipo real será realizado polo autor en cartón e os medios que considere oportunos dependendo do acabado gráfico e estética buscada. Recórdase que o Artios exporta a peza en 3d e permite o uso da mesma en calquer programa de deseño.

Queda por tanto recollido que a realización dun proxecto/práctica do curso, en ningún momento queda supeditada a única necesidade do uso dun único programa, senón a correcta organización dos tempos e prazos de traballo durante o curso académico por parte do alumnado. Cada práctica poderá redefinir eses contidos no briefing previo de xeito que o alumnado sabe os apartados que ten que realizar dende o primeiro momento.

#### **Temporalización dos contidos e prácticas do curso:**

Os contidos teóricos (clases e explicacións maxistras) adaptaranse a resolución por parte do alumnado das prácticas propostas durante o curso. Sendo así, a temporalidade dos contidos presentada será en todo momento adaptable a realidade académica permitida polo traballo desenvolto polo alumando, e será polo tanto, a mestra da materia, a que adaptará as clases teóricas a impartir no momento máis oportuno segundo sexa convinte para a súa correcta apreciación.

Asimesmo, os proxectos do curso (proxectos/exercicios) serán plantexados pola mestra da materia dacordo coa apreciación de contidos por parte do alumnado, sendo polo tanto adaptables en tempo e complexidade segundo a realidade académica do curso en cuestión.

## **3 Avaliación**

A Avaliación desenrolase de acordo a lexislación vixente e o curriculum da disciplina. Consta dun proceso de avaliación progresiva baseado na asistencia a clases e desenrolo dos proxectos/traballo plantexados, seguindo sempre as pautas expresadas na presente programación da disciplina e da guía da materia.

Como indica a Orde de 21 de Novembro de 2016 que regula as ensinanzas artísticas superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 1 de decembro 2016) no seu artigo 10.1 “*O alumnado soamente poderá realizar matrícula con carácter presencial nas ensinanzas superiores de deseño, en calquera das súas especialidades*”. Polo tanto, a normativa establece que as ensinanzas superiores de deseño son unicamente de carácter presencial, xa que, debido a carga prácticas da disciplinas que compoñen ditas ensinanzas, necesítase dunha avaliación continua do alumnado e do sue “saber facer” nas disciplinas das mesmas. Polo tanto o proceso de avaliación do aprendizaxe do alumnado disporá dunha avaliación continúa que terá unha proba final na súa convocatoria ordinaria e unha convocatoria extraordinaria.

### **3.1 Criterios de avaliación**

Son acordes cos establecidos na lexislación vixente



Os presentes criterios de avaliación ríxense por:

- Guía didáctica da disciplina de Proxecto de Deseño de Produto I con acceso dente:
  - <http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/nivel-grao/deseño-de-produto/programa>
- Decreto 172/2015 do DOG do 23 de novembro
  - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002_gl.html)
- ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia
  - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161201/AnuncioG0164-231116-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161201/AnuncioG0164-231116-0002_es.html)

### 3.1.1. Criterios xerais

#### Criterios de avaliación xerais do título Superior de Deseño

10. Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional.
11. Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoas co contexto social, económico e cultural en que se produce.
12. Coñecer os valores significativos do deseño e aplicalos na actividade proxectual propia.
13. Coñecer en profundidade os materiais propios da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable.
16. Introducir no proceso proxectual os valores da creación, a recreación e a innovación como valor engadido ao produto.
17. Expoñer verbal e documentadamente os seus proxectos, en calquera das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas de comunicación adecuadas.
18. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade proxectual propia e allea.
19. Expresar a través de recursos técnicos e intelectuais asimilados aos propios conceptos, coñecementos e posicións estéticas.
20. Identificar, coñecer e analizar un repertorio amplo e actualizado de propostas estéticas e funcionais que permita un enriquecemento das propias.
24. Incorporar de xeito creativo e razoado os valores creativos máis significativos da historia do deseño á propia actividade.
25. Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual.
26. Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e a eficacia da propia actividade como deseñador/a.
27. Manexar recursos expresivos e comunicativos propios do deseño na formulación de propostas e proxectos.





28. Recoñecer os materiais empregados na materialización dos deseños, o proceso da súa produción, transformación e posta a punto como parte integrante do deseño.

**Criterios de avaliación específicos do título superior de deseño na especialidade de produto.**

2. Comunicar, como deseñador/a, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características do proxecto dun produto, nun contexto artesanal ou industrial determinado.

3. Coñecer as implicacións técnicas máis significativas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolverlas nas súas aplicacións prácticas, con independencia do xeito concreto da forma de produción en que se atope.

6. Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a fabricantes, clientes/as ou usuarios/as, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.

7. Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes no deseño e na produción de obxectos.

8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de produtos participativos, con independencia do seu ámbito de formalización, complexidade ou produción.

10. Dar resposta na propia actividade como deseñador/a de produtos ás exigencias ergonómicas, funcionais, construtivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño para todas as persoas.

**3.1.2. Criterios específicos e competencias**

Inclúese a continuación unha táboa na que se concretan os **criterios de avaliación específicos** para cada unha das competencias da disciplina:

Competencia		Criterio de avaliación
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal	Construir unha idea de actividade do/a deseñador de produtos coherente e propia con independencia das relacións de produción concretas Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade proxectual propia e allea
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos	Formular criticamente ideas e argumentos Identificar e describir os principios propios do deseño Identificar, coñecer e analizar un repertorio amplo e actualizado de propostas estéticas e funcionais que permita un enriquecemento das propias
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade	Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada	Coñecer os valores significativos do deseño e aplicalos na actividade proxectual propia
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos	Coñecer o contexto social, cultura e económico en que se desenvolve a práctica profesional, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención a dimensión global Coñecer os valores significativos do deseño e aplicalos na actividade proxectual propia
X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño	Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos desde unha posición de crítica interlectual





<b>X8</b>	Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en función, necesidades e materiais	Coñecer en profundidade os materiais propios da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable
<b>X13</b>	Coñecer o contexto económico, social e cultural no que ten lugar o deseño	Coñecer o contexto social, cultura e económico en que se desenvolve a práctica profesional, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención a dimensión global
<b>X14</b>	Valorar a dimensión do deseño como factor de igualdade e de inclusión social e como transmisor de valores culturais	Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas
<b>EP4</b>	Valorar e integrar a dimensión estética en relación ao uso e funcionalidade do produto	Comunicar como deseñador/a, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características do proxecto dun produto, nun conteto artesanal ou industrial determinado
<b>EP13</b>	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto	Actualizar permanentemente información relativa aos cambios sociolóxicos, ás relacións de produción e distribución de produtos e incorporar as súas consecuencias á propia actividade de deseño
<b>EP15</b>	Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do medio e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción	Interpretar a propia actividade como deseñador de produtos como unha oportunidade de posta en marcha de prescricións que contribúan ao desenvolvemento de actividades produtivas economicamente sustentables

Establecemos as aprendizaxes e competencias imprescindibles para esta disciplina, que son:

Aprendizaxes / contidos:

- Realización de proxectos de deseño de envases e embalaxes. Definición de envase. Función, tipoloxías, mercadotecnia e identidade de marca.
- Ergonomía. Materiais. Evolución histórica dos envases. O envase como obxecto semiótico. Interacción envase-produto.
- Métodos de impresión e etiquetado.
- Dispositivos de peche. Código de barras. Enchido, envasado, almacenaxe e transporte.
- Principios do deseño de envases. Estudo de casos. Deseñadores e tendencias.

Competencias imprescindibles: T8-T11-T12-X6-X13-EP4-EP15

### 3.2 Procedemento

O alumnado disporá de dúas convocatorias por curso. Unha convocatoria e avaliación Ordinaria e unha convocatoria e avaliación Extraordinaria para acadar os coñecementos marcados no currículo das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño.

Rexirase polos seguintes decretos:

- Decreto 172/2015, do 29 de Outubro, (DOG do 23 de novembro) polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro do 2016 (DOG do 1 de decembro) pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Para esta disciplina o procedemento de avaliación resúmese do seguinte modo\*:**





Instrumentos de avaliación	Convocatoria Ordinaria AVALIACIÓN ORDINARIA		Convocatoria Extraordinaria AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
	Avaliación Continua	Proba Final Ordinaria Maio	Avaliación Extraordinaria
Probas teóricas (a media de todos os test)	20,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)	20,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)	30,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)
Probas prácticas/ proxectos (a media de todos os proxectos íntegros entregados)	65,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)	65,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)	70,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)
Traballo diario na aula	10,00%	10,00%	---
Actitude e participación	5,00%	5,00%	---

\* **Revisar as condicións exactas para realizar as ponderacións de cada avaliación nos apartados correspondentes a cada procedemento de avaliación**

### 3.2.1 Procedemento de Avaliación Ordinaria

O proceso de avaliación ordinaria implica a asistencia regular ás clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas o longo do curso.

Debido ao carácter presencial das ensinanzas **os traballos a entregar na convocatoria ordinaria, sexa no periodo da Avaliación Continua o na Proba Final, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.**

**Os traballos e probas parciais terán que realizarse e ser entregados na súa totalidade (100% dos traballos entregados), na data indicada, salvo causa xustificada documentalmente.**

O alumnado que non teña unha asistencia regular ás clases, sempre que teña unha causa xustificada e poida acreditarla documentalmente, poderá solicitar na secretaría do centro mediante o impreso correspondente, a anulación da convocatoria ordinaria con anterioridade á data marcada para facer dita solicitude no calendario escolar do curso.

O procedemento da Avaliación Ordinaria das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter contínuo. Polo tanto o procedemento consistirá: nun **período de avaliación continua do alumnado e dunha proba final.**

**A nota final da convocatoria ordinaria sairá de facer a media que corresponda segundo os apartados das táboas seguintes:**

Instrumentos de avaliación	Convocatoria Ordinaria	
	Avaliación Continua	Proba Final*** Maio
Probas teóricas (a media de todos os test)	20,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)	20,00% (pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)
Probas prácticas/ proxectos íntegros	65,00%	65,00%





(a media de todos os proxectos íntegros entregados)	(pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)	(pónderase unicamente se a media é maior ou igual a 5)
Traballo diario na aula**	10,00%	10,00%
Actitude e participación**	5,00%	5,00%

\* Debido ao carácter presencial das ensinanzas TODOS os traballos a entregar na convocatoria ordinaria (o 100%) , sexa na Avaliación Contínua o na Proba Final, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina e entregados na data indicada, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito, salvo causa xustificada documentalmente. A porcentaxe deste apartado sairá de facer a media de tódalas entregas solicitadas no curso según se marque na programación.

\*\* Ter esta porcentaxe implica que temos uns instrumentos de cualificación (diario de aula, fichas, etc) onde quede rexistrado o traballo diario e a actitude e participación do alumnado. Ver o apartado de criterios de cualificación.

\*\*\* A proba final da convocatoria ordinaria é para dar unha segunda oportunidade ao alumnado que non superou por entregas/probas a disciplina. A falta de asistencia o primeiro día de realización das probas finais, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

### Periodo da Avaliación Contínua:

A nota do periodo da Avaliación Contínua Ordinaria sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación.

O alumnado que non acade no proceso de avaliación contínua unha nota suficiente para superar a disciplina (5) terá a posibilidade de recuperala mediante a realización dunha proba ou entrega final de segunda oportunidade no mes de maio-xuño.

O alumnado que supere un 20% de faltas de asistencia ás clases, terá que tentar aprobar as disciplinas na proba final ordinaria de maio-xuño, e de non superala, poderá concorrer á convocatoria extraordinaria de xuño-xullo.

### Esquema da avaliación ordinaria de carácter contínuo.

Avaliación Ordinaria de carácter Continuo		
	Probas	Ponderación
Teoría*	Media aritmética dos test	si a media é maior ou igual a 5 pondérase ó 20%
Práctica*	Nota media dos proxectos íntegros	si é maior ou igual a 5 pondérase ó 65%
	Traballo diario na aula	10%
	Actitude e participación	05%
	<b>Nota do proceso de avaliación</b>	<b>100% **</b>



	continua	
--	----------	--

\* o 100% das probas da avaliación ordinaria deberán ser entregadas na hora e data indicada e supervisadas na súa realización polo mestre da materia.

\*\*Se os alumnos non superan a disciplina (acadan nota < 5) no proceso de avaliación continua accederán a Proba Final da Avaliación Ordinaria que será avaliada tal e como se indica a continuación: Proba final

**Considérase aprobado en avaliación ordinaria continua; o alumno con nota do proceso de avaliación continua  $100,00\% \geq 5$**

### **Avaliación da etapa de docencia do período de AVALIACIÓN CONTINUA TELEMÁTICA:**

No período de docencia telemática seguimos aplicando e mantendo os mesmos contidos e criterios que son coñecidos por todo o alumnado coa salvedade de usar una metodoloxía unicamente virtual, e decir que todo o seguimento farase vía aula virtual.

Mantemos os mesmos contidos e criterios que son:

- *Probas tipo test: 20% (na aula virtual)*
- *Probas prácticas: 65% (memorias, planos e prototipos)*
- *Traballo de aula: 10% diario de seguimento, (presencial = diario de profesor), (virtual = foro), establécense 3 intervencións mínimas por práctica en foro propio.*
- *Actitude e participación: 5% diario de seguimento, (presencial = diario de profesor), (virtual = foro), establécense 3 intervencións mínimas en foros xerais*

### **Proba Final Ordinaria:**

A proba final da convocatoria ordinaria é para dar unha segunda oportunidade ao alumnado que non superou por entregas/probas parciais a disciplina no período da Avaliación Continua. Nesta disciplina tratarase da entrega de traballos/probas prácticas non superados, sempre que teñan un seguimento por parte do/a docente durante a súa realización.

Debido a que as probas e entregas parciais do período da Avaliación Continua son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria; o alumnado poderá presentarse á parte ou partes da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5) na nota final do período da Avaliación Continua.

- É dicir: aqueles alumnos que non acaden o 5 na avaliación dos contidos prácticos na avaliación continua durante o curso, deberán presentar os traballos (todos ou aqueles nos que queiran subir a nota) na proba práctica final ordinaria. En dito caso terase en conta que:
  - Os traballos novamente entregados e presentados, serán novamente avaliados, e polo tanto deberán ser elaborados integramente, non podendo entregar unicamente una parte/epígrafe do traballo en cuestión, xa que non conservarán a nota anterior.
  - Os traballos que non sexan entregados para subir nota, conservarán as notas da avaliación continua, independentemente de que a súa nota sexa positiva ou negativa.
- É dicir: aqueles alumnos que non acaden o 5 na avaliación dos contidos teóricos na avaliación continua durante o curso, deberán presentarse a proba teórica ordinaria tipo test.



Para cualificar a Proba Final se empregarán os mesmos criterios de avaliación e cualificación que no periodo de avaliación continua, recollendo do periodo da Avaliación Continua as cualificacións das Probas e Traballos parciais realizados co seguimento por parte da/o docente, así como as dos apartados de atitude e participación do alumnado.

A nota final sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación, engadíndolle as notas da proba final no lugar das entregas parciais correspondentes, de ser o caso.

A falta de asistencia o día de realización da proba final, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

**Así, se os alumnos non superan a disciplina (acadan nota < 5) no proceso de avaliación continua accederán a Proba Final da Avaliación Ordinaria que será avaliada tal e como se indica a continuación:**

Avaliación Ordinaria. Proba final Maio-xuño		
	Probas	Ponderación
Teoría	Media aritmética dos test	si a media é maior ou igual a 5 pondérase ó 20%
Práctica	Media aritmética dos proxectos íntegros	si é maior ou igual a 5 pondérase ó 65%
	Traballo diario na aula	10%
	Actitude e participación	5%
	<b>Nota da proba final da avaliación ordinaria</b>	<b>100%</b>

**Considérase aprobado en avaliación ordinaria segundo a proba final; o alumno con nota da proba final da avaliación ordinaria  $100,00\% \geq 5$**

**Avaliación da etapa de docencia do período de AVALIACIÓN ORDINARIA TELEMÁTICA:**

Seguiremos coa docencia, contidos e criterios da docencia presencial, pero con metodoloxía e dinámicas a través da aula virtual. A implantación é completa e substitutiva seguindo os mesmos instrumentos, probas e ponderacións.

### 3.2.2 Nota importante

Todos os traballos/proxectos estarán debidamente identificados na portada, incluíndo como mínimo o nome do proxecto, nome e apelidos do/a alumno/a, curso e disciplina.

Os traballos/proxectos serán totalmente orixinais, realizados íntegramente polos/as alumnos/as, citando axeitadamente as fontes de consulta, de non ser o caso consideraranse plaxio, calificándose negativamente.



As evidencias de copia en calquera dos mecanismos de control establecidos suporán o suspenso dos alumnos implicados e a perda da avaliación na que estean participando, debendo o alumno presentarse a seguinte procedemento de avaliación que o sistema académico contemple.

### 3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Para avaliar ao alumnado, farase un seguimento diario do/a alumno/a xunto coa valoración final dos traballos/ proxectos solicitados durante o curso. Valorarse ademais, o seu grao de implicación e a consecución do cumprimento dos obxetivos da materia:

OBXETIVOS DA MATERIA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1	Adquirir os coñecementos técnicos e conceptuais necesarios para o deseño de envase e embalaxes. Dominar o vocabulario técnico propio do ámbito do packaging.	T1,T3,T4, T15 X1,X2 EP9, EP11, EP12
2	Coñecer os sistemas construtivos e procesos de produción da industria do cartón e aplicalos no deseño de envases e embalaxes	T8 X3, X15, X20 EP8
3	Elaborar os proxectos e realizar os prototipos de envases e embalaxes programados na materia e requiridos polo restos de materias proxectuais	T1,T2 EP2, EP4, EP10
4	Experimentar conceptual e tecnicamente con novas formas e materiais para aplicar nesta especialidade do deseño.	T14 X10, X19 EP1, EP5, EP6, EP7
5	Coñecer os compromisos éticos e medio ambientais que conleva o deseño de envases e embalaxes	T11,T12,T13,T16, X6, X18,
6	Aplicar a inventiva e creatividade ao desenvolvemento de deseño estruturais	X4, X5, X13, X16 EP15

Para a realización do seguimento utilizaranse os seguintes instrumentos e ponderacións:

ACTIVIDADES	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS VINCULADAS
<b>Probas teóricas, resolución dos test</b> As probas realizaranse na clase no horario dunha sesión é responderán os contidos explicados durante o curso lectivo	<b>20 % da nota</b>	T8, T11, T12 X6, X13, X14 EP4, EP13, EP15
<b>Proxectos / Prácticas</b> Traballo de desenrolo de proxectos tanto a nivel gráfico como técnico, resolución completa de memorias, cumprimento de requisitos e especificacións, entrega íntegra de planos, ideacións, bosquexos, renderizados, material de presentación, maquetas e prototipos, creatividade e orixinalidade.	<b>65 % da nota</b>	T6, T8, T11, T12, T17 X6, X13, X14 EP4, EP13, EP15
<b>Traballo da aula</b>	<b>10 % da nota</b>	T6, T8, T11, T12, T17



Establecerase un diario de seguimento do alumnado de tal xeito que se xustifique e garantice o interese do alumnado para coa disciplina e a adquisición dos obxetivos fixados na guía didáctica a través do traballo diario desenrolado e das prácticas de Artios desenroladas na clase.		X6, X13, X14 EP4, EP13, EP15
<b>Actitude e participación</b> Establecerase un diario de seguimento do alumnado de tal xeito que se xustifique e garanta o interese do alumnado para coa disciplina e a medición da actitude e participación	<b>5 % da nota</b>	T6, T8 X14 EP4, EP15

### **O traballo diario na aula e actitude e participación terase en conta segundo:**

O/A profesor (a) levará a cabo o seguimento do traballo diario na aula do/a alumno/a a través dun caderno de aula, no que utilizará un sistema de negativos e entrega e control do material realizado de traballo interdisciplinar ó longo do curso. Cada negativo restará 0,1 puntos da nota final, até un máximo de 1 punto no apartado de Traballo diario na aula, e 0,5 puntos no apartado de participación. Inicialmente o alumnado partirá co máximo de puntuación en ambos apartados.

#### Seguimento do traballo na aula (10%)

Considerarase de xeito negativo o incumprimento das tarefas diarias encomendadas pola profesora.

#### Actitude e participación (5%)

Consideraranse faltas de actitude e participación:

- a) Chegar tarde a clase.
- b) Non seguir a dinámica de traballo de clase (estar facendo outras actividades diferentes ás plantexadas pola profesora, etc.).
- c) Comprobación do/a alumno/a da comprensión teórico-práctica no desenrolo das actividades para unha boa execución. Exemplo: Se non entende algo, preguntar logo da explicación de xeito individual e non agardar á véspera da entrega.
- d) Utilizar unha linguaxe e terminoloxía non axeitada para o ámbito académico e específico da disciplina.
- e) Facer un mal uso do material e recursos de clase.
- f) Non traer o material requirido.
- g) Falta de organización do material, tanto no que atingue ós arquivos no ordenador, como do material físico.
- h) Falta de sensibilidade e interese pola disciplina.
- i) Falta de perseverancia e flexibilidade na resolución dos problemas de deseño.
- j) Falta de colaboración e implicación nas actividades propostas.
- k) En xeral, faltas de respecto deica a profesora e/ou os compañeiros.

Ademais, pasarase diariamente unha **folla de asistencia** para que asine o alumnado ou controlarse vía codex da EASD.





### 3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Aqueles alumnos que non acaden una nota  $\geq 5$ , na convocatoria ordinaria (tanto na avaliación continua como na proba final ordinaria) terán outra opción de obter o aprobado grazas o sistema extraordinario de avaliación.

Debido ao carácter presencial das ensinanzas **os traballos a entregar na convocatoria extraordinaria, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina**, nas horas de titorías establecidas para o período da avaliación extraordinaria, **non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito**.

Para obter a nota final consistente na media das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha delas.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das mesmas, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

**A nota final da convocatoria extraordinaria sairá de facer a media que corresponda segundo os apartados das táboas seguintes:**

Instrumentos de avaliación	Convocatoria extraordinaria
	Proba Extraordinaria
	Xuño/ Xullo
Probas Teórica	30,00%
Resolución dunha proba teórica na que o alumno amose a comprensión da teoría impartida	si a nota é maior ou igual a 5 pondérase ó 30%
Probas Prácticas/ Proxectos	70,00%
Resolución dunha proba práctica que garanta a asimilación de competencias e obxetivos da disciplina	si a nota é maior ou igual a 5 pondérase ó 70,0 %
<b>Nota da proba final da avaliación extraordinaria</b>	<b>100,00%</b>

#### **Avaliación da etapa de docencia do período de AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA TELEMÁTICA:**

Fíxase como sistema extraordinario na realización duna proba na aula virtual (teórico-práctica) a desenrolar no período do exame que será comunicado vía aula virtual e calendario escolar aos alumnos que precisen deste sistema extraordinario de cualificación. A parte teórica valorarase sobre un 30% e a práctica valorarase sobre un 70% = sendo o total da proba extraord. o 100% da nota.

A nota final da convocatoria extraordinaria sairá segundo os apartados da táboa seguinte:

Instrumentos de avaliación	Convocatoria extraordinaria
	Proba Extraordinaria
	Xuño/ Xullo
Proba Teórica - práctica	100,00%
Resolución dunha proba teórica-práctica virtual na que o alumno amose a comprensión da teoría impartida e asimilación de competencias teórico-prácticas	si a nota é maior ou igual a 5 pondérase ó 100%





no periodo presencial das ensinanzas	
<b>Nota da proba final da avaliación extraordinaria</b>	<b>100,00%</b>

Para obter a cualificación positiva e superar a disciplina, a nota final do alumno terá que acadar un 5 no global de dita proba.

### 3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

#### A) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Dado que o alumnado é maior de idade, a profesora consultará co alumnado se existe algún aspecto relevante que precise ter en conta para impartir a disciplina. Farase una proba/enquisa de apreciación de contidos inicial na que se midan as carencias que poden ter debido a situación excepcional motivada polo Covid-19

#### B) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O feito de que a maior parte dos contidos sexan desenvolvidos mediante actividades de aplicación (exercicios de manexo das ferramentas debuxo, tic e maquetación investigación e deseño) fai posible que se saiba en cada momento cómo foron asimilados polo alumnado, de forma que se poidan introducir inmediatamente cantos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

Pero non todos/as os/as alumnos/as poden seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, tanto polo seu propio desenvolvemento psicolóxico, como por diversas circunstancias persoais e sociais: a atención á diversidade de alumnos e de situacións escolares convértese así nun elemento fundamental da actividade educativa.

Para dar resposta a aprendizaxes máis lentas:

Nalgunhas ocasións proporcionaranse máis prácticas sobre contidos nos que a profesora detectase que houbo máis dificultade.

**A profesora dispón de diversos canles de comunicación co alumnado fóra do horario das clases para atendelos e resolver dúbidas, a través de mensaxería e titorías individualizadas.**

## 4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

### 4.1 Metodoloxía de docencia presencial

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando desde aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados pola profesora, poidan construír na medida do posible a súa propia aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.



### Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

### Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

### Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

### Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

### Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

### Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

### Actividades de avaliación

- **Formativa.**
  - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
  - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
  
- **Sumativa.**
  - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
  - Establecer balances dos resultados.

## 4.2 Metodoloxía non presencial

A docencia non presencial farase a través da aula virtual de xeito que apliquemos os mesmos contidos e criterios; as mesmas actividades realizadas na docencia presencial pero de xeito virtual. Constará de actividades introductorias, material maxistral, titorias de seguimento dos progresos do alumando, debates nos foros da aula virtual e diferentes actividades e entregas de avaliación programadas para garantir que os diferentes alumnos acaden as competencias curriculares.



## 4.3 Recursos

- Subministrados polo centro:
  - Profesor (a):
    - Ordenador con conexión a Internet e licencias Artios e Studio / Aula Virtual
    - Proxector
    - Acceso a internet para dinamizar as Plataformas (facebook, pinterest, dropbox; de uso interno da profesora e alumando)
  - Alumnado:
    - Aula adaptada cos recursos, mobiliario apropiados
    - Conexión a internet para facilitar o traballo na aula e licencias Artios e Studio
- Material que debe traer o/a alumno/a:
  - Ordenador propio dependendo da aula da clase
  - Conexión a internet para facilitar o traballo na aula / datos (recomendable)
  - Materiais de debuxo, para bosquexos e traballos iniciais así como cartón e materiais para maquetas de uso propio
- Bibliografía básica:
  - Packaging de Marca. Editorial: Parramon. Año: 2012
  - PACKAGING, Manual de Diseño y Producción. Bill Stewart. Editorial GG.
  - Package Form & Design. Pie Books. 2008.
  - Estructuras de Packaging. Editorial: Promopress
  - Eco Packaging Design. Editorial: Editorial Monsa
  - The Package Design Book 2. Pentawards. Editorial: Taschen. Año: 2012
  - Eco-Diseño Carton. Editorial: Links. Año: 2012
  - 200 Best Packaging Design. Autor/es: Varios Autores. Editorial: Luzer's
  - Fancy Packaging. Pepin Press. 2010.
  - Basic/Complex/Advance Packaging. Pepin Press. (3volúmenes diferenciados)
  - Pack Pack. Autor/es: Miguel Abellan. Editorial: Monsa
  - Soportes y Formatos para Promociones. Promopress.
  - Maravillosos packaging del mundo. Hispack.
  - Made in. Diseño gráfico de bolsas y etiquetas. 2009. Maomao Publications
- Bibliografía complementaria:
  - Lenguaje Visual. Bases del diseño de producto. Parramon Diseño.
  - \*(libros recomendados según tendencias actuais e artigos volcados vía Dropbox)



#### **4.4. Actividades complementarias**

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fóra del:

- Visualización de charlas e contidos volcados facilitados pola mestra da disciplina
- Asistencia a foros, exposicións ou coloquios de incidencia coas disciplinas a desenrolar en cada parte do proxecto e vinculadas a acadar mellor os contidos exibibles se as condicións sanitarias o permiten